

O HORIZONTE ESTÁ EN TI

Anxos Sumai

"O horizonte está en ti", escribiu Olalla Cociña no Libro de Alicia. E non hai continente ningún que te conteña. E ten razón, non cabemos en ningures sexa o ningures po de feito ou confín de universo. Rebordamos en cada palabra, en cada imaxe, que non nos conteñen exactamente: dispáranos como balas de cañón e pode chegar o caso de que alguén nos atope flotando, astronautas, arredor dun verso e nos mire como seres extraordinarios. Podemos botar tempos redondos flotando arredor de algo inconcreto que precisamos apreixar, que nace de nós pero que se estende alén de nós. Por iso esa loucura das voltas arredor, procurando o que para nós mesmas é un enigma. É curioso ver os versos dende arriba, como fixen eu coa lectura do Libro de Alicia. Dende arriba e ancorada por palabras comúns —formento—, por imaxes próximas —o pan verde— polo mesmo ritmo —o aire da eiruga na caluga— que nos abrollan dunha memoria semellante. Lin dende arriba un libro e apreixeino pouco a pouco, rodeándoo, buscandolle a forma, compoñendo a vida de Alicia como quen axusta o telescopio para percibir a forma precisa dunha estrela.

Seica a poesía é unha acción de vida e, daquela, poder dar en algo desconcertante, provocador, ferinte. Ou totalmente desmotivador. Rendémonos cando non entendemos nada e quizais só sigamos lendo por unha imaxe, por outra imaxe, por un verso lindo, por desafiarnos a nós mesmas ou porque a poesía non ten que ser entendida. Co Libro de Alicia sentínme desconcertada e saborosa a medida que ía enfocando o perfil da muller que amou e quedou preñada, da nai solteira e afouta. Vin a Alicia en cada poema, as palabras prendéronme con ese poder da poesía de implicarnos. Eu era, lendo o libro, un telescopio. Enfoquei, recoñecín, sentín. Fun quen de mirar á miña propia nai coa devoción con que a poeta fala de Alicia. E lembrei uns versos anónimos: "Neste momento permítanme deixarlles en herdanza todos os restos ás miñas fillas e ás fillas das miñas fillas". Pensei neses restos, nesa herdanza que a filla dunha filla dunha filla asumiu e tivo o valor e o talento de fechar por fin nun libro no que Alicia medra a cada verso para ciscarse tamén nas fillas alleas.

Cando Olalla Cociña escribiu que confiaba nunha especie de poder sandador da palabra, pero que tamén sabía do seu torturador imán, da sede insaciable que provoca en quen sente a necesidade de escribir, lembrar a Anne Sexton. Durante anos Anne Sexton mantivo unha intensa correspondencia cun cura xesuíta, ao que un día lle pediu por teléfono que lle administrase a extrema unción. "Deus está na túa máquina de escribir", foi a resposta do home e Anne Sexton, salvada, púxose a escribir.

"O horizonte está en ti" é, no Libro de Alicia, a resposta salvífica da poeta. Pouso, daquela, os pés nos versos e recollo a herdanza que como filla dunho filla dunha filla tamén me toca a min.

*Fragmento da presentación de Libro de Alicia, Olalla Cociña, Espiral Maior, 2008.